

A DOCENCIA EN GALICIA

GUÍA BÁSICA



ÍNDICE

01 FUNDAMENTACIÓN

Fundamentación da formación na profesión docente

02 A EDUCACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- 2.1 Estrutura orgánica da Consellería
- 2.2 O sistema educativo en Galicia
- 2.3 Normativa básica reguladora
- 2.4 Liñas estratéxicas da Consellería

03 FASE DE PRÁCTICAS

Duración, tutoría, actividades de formación e avaliación

04 PRIMEIROS PASOS COMO DOCENTE

- 4.1 Aspectos administrativos
- 4.2 Aspectos organizativos
- 4.3 Aspectos didácticos

05 MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES

Formación do profesorado, competencia dixital e plans anuais de formación do profesorado

06 BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

Informes internacionais, normativa completa e portais de consulta

01

FUNDAMENTACIÓN

Fundamentación da formación na profesión docente

UNHA PROFESIÓN DE APRENDIZAXE CONTINUA PARA A TRANSFORMACIÓN EDUCATIVA

O acceso á función docente no sistema educativo galego, nos niveis non universitarios, supón o inicio dunha etapa decisiva tanto a nivel profesional como persoal. Para o persoal funcionario en prácticas, esta fase inicial non é só unha porta de entrada á carreira docente, senón unha oportunidade para interiorizar os valores fundamentais da educación pública e para comezar a construír unha identidade profesional comprometida co ben común, coa aprendizaxe continua e coa transformación educativa.

A [Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación](#)¹ modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro recolle claramente esta visión formativa. O artigo 101 regula que o primeiro curso como docente en centros públicos debe realizarse baixo a **titoría de profesorado experimentado**, compartindo responsabilidade na programación didáctica. Esta medida garante un acompañamento profesional no que a experiencia e o diálogo se converten en piares do desenvolvemento do novo docente. Pola súa banda, os artigos 102 e 103 poñen o foco na **formación permanente** como un dereito e unha obriga do profesorado, e como unha responsabilidade compartida polas administracións e polos centros educativos. En Galicia, este compromiso materialízase a través do [Plan Anual de Formación do Profesorado \(PAFP\) para o curso 2026/27](#), que articula **itinerarios formativos adaptados** aos diferentes perfís profesionais e aos retos emerxentes do sistema educativo, e do [Plan Anual de Capacitación do Profesorado de Formación Profesional para o curso 2026/27](#), organizado en base a **líñas de traballo** orientadas á actualización permanente das competencias profesionais docentes.

Esta aposta pola aprendizaxe ao longo de toda a vida profesional non é illada, senón que se sustenta nun marco internacional e europeo sólido. A [Recomendación do Consello da Unión Europea](#)² sobre as **competencias clave para a aprendizaxe permanente** establece que o profesorado debe ser capaz de promover competencias transversais como o pensamento crítico, a creatividade, ou a alfabetización dixital. Estes principios están plenamente incorporados aos itinerarios formativos que se ofrecen ás persoas docentes galegas, e constitúen unha guía fundamental para quen inicia agora o seu percorrido na profesión.

¹[Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación](#)

²[Recomendacións do Consello de 22 de maio de 2018 competencias clave.](#)

Do mesmo xeito, a **OECD**³ insiste en que a educación debe capacitar aos estudantes para **dar forma ao seu futuro e ao da sociedade**, promovendo valores como a responsabilidade colectiva, a sustentabilidade e a resiliencia. Neste contexto, a formación do profesorado debe estar aliñada cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030**, en especial co ODS 4, que promove unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para todos. Ser docente hoxe implica tamén ser axente de cambio e contribuír á construción dunha sociedade máis xusta, inclusiva e sostible.

En coherencia con estas liñas internacionais, Galicia reforza a súa estratexia de formación docente atendendo tamén aos principios que guían o último Estudio Internacional do **Ensino e da Aprendizaxe – TALIS** ([Teaching and Learning International Study](#))⁴. No seu [Marco conceptual](#), este informe destaca que os **novos enfoques de aprendizaxe profesional recoñecen os contextos e as esixencias cambiantes** do ensino, que requiren novos coñecementos, habilidades e prácticas por parte dos docentes. Os cambios previstos que poderían afectar á aprendizaxe profesional inclúen novos avances nos plans de estudio, as modalidades de aprendizaxe, a comprensión dos procesos de aprendizaxe, as necesidades do alumnado, as TIC e as novas adaptacións necesarias para facer fronte ás interrupcións na educación.

Todo isto lévanos a entender que a práctica docente non pode ser estática nin illada. Pola contra, está chamada a ser **colaborativa, reflexiva e en constante evolución**. O sistema educativo funciona como unha cadea interconectada onde cada profesional é un elo esencial. Ti, como novo/a docente en prácticas, incorpórate a esta rede complexa e viva que se retroalimenta co coñecemento compartido, coa innovación pedagóxica e coa vontade de mellora continua. A túa mirada renovada, o teu compromiso e a túa vontade de formarte son xa parte activa da construción dunha educación de calidade para as xeracións presentes e futuras.

³OECD. (2018). *The Future of Education and Skills: Education 2030 -The future we want*. OECD Publishing.

⁴Informe TALIS 2024

Neste documento atoparás un compendio de información práctica que che permitirá coñecer a estrutura e o funcionamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante CECUFP), así como as súas liñas prioritarias de actuación e os principais programas educativos. Inclúese tamén a normativa básica na que se recollen os teus dereitos e deberes como persoa funcionaria docente. Ademais, poderás acceder a contidos de interese para dar os teus primeiros pasos na docencia, que abarcan desde aspectos administrativos e organizativos ata cuestións didáctico-metodolóxicas. Por último, esta guía achegarate á formación permanente do profesorado, unha ferramenta esencial que agora tes ao teu alcance. Porque a túa aprendizaxe individual é tamén motor de transformación e mellora para toda a comunidade educativa.

02

A EDUCACIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- 2.1** Estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- 2.2** O sistema educativo en Galicia. Tipoloxía de centros e oferta educativa
- 2.3** Normativa básica reguladora do Sistema Educativo
- 2.4** Liñas estratéxicas da Consellería: Estratexias / Plans / Programas de Innovación

2.1 ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

O [Decreto 138/2024](#), do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional establece no seu Artigo 1. Ámbito competencial, que a CECUFP é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e a vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+I para a transferencia do coñecemento; as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Consello Galego de Formación Profesional. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e na demais normativa que sexa de aplicación.

De xeito resumido, a organización da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional reflíctese no [Portal da Xunta de Galicia de Transparencia e Goberno Aberto](#).

Neste [documento](#) recóllense dúas infografías coa estrutura dos servizos centrais así como dos departamentos territoriais:


INFOGRAFÍA 1

Estructura dos servizos centrais

INFOGRAFÍA 2


Departamentos territoriais

ESTRUTURA DOS SERVIZOS CENTRAIS



Fonte: Decreto 138/2024, do 20 de maio. Lenda: centros directivos (azul), subdireccións xerais (gris escuro), servizos (gris claro), entidades (laranxa).

DEPARTAMENTOS TERRITORIAIS



Cada departamento territorial (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) organízase en servizos propios de recursos humanos, apoio aos servizos educativos, unidade técnica, réxime xurídico e inspección educativa.

2.2 O SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA. TIPOLOXÍA DE CENTROS E OFERTA EDUCATIVA

ENSINANZAS

RÉXIME XERAL

Educación infantil

Educación primaria

Educación secundaria obrigatoria

Bacharelato

Formación Profesional Inicial

Formación Profesional básica

Ciclos formativos de grao básico

Ciclos formativos de grao medio

Ciclos formativos de grao superior

Cursos de especialización

RÉXIME ESPECIAL

Ensinanzas de idiomas

Ensinanzas deportivas

Ensinanzas artísticas

Ensinanzas elementais de música e danza

Ensinanzas artísticas profesionais de música e danza

Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño

Ensinanzas artísticas superiores

Estudos superiores de música e danza

Ensinanzas de arte dramático

Ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais

Estudos superiores de artes plásticas e deseño

Artes Audiovisuais, do Videoxogo, da Animación e da Cinematografía

Escritura Creativa

Artes Circenses

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

Ensinanzas iniciais

Ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en ESO

Probas libres para a obtención do título de graduado en ESO

Probas libres para a obtención do título de Bacharelato

Probas libres de acceso aos ciclos de Formación Profesional medio ou superior

Probas para a obtención dos títulos de FP medio ou superior

Bacharelato para adultos

Formación Profesional de grao medio e superior para adultos

Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos

Aula Mentor

UNIVERSIDADE

Grao

Máster

Doutoramento

2.3 NORMATIVA BÁSICA REGULADORA DO SISTEMA EDUCATIVO

É preciso diferenciar neste eido a lexislación referida ao ámbito administrativo da normativa que regula o ámbito docente.

>> 2.3.1 · NORMATIVA DE CARÁCTER ADMINISTRATIVO

A nivel administrativo, a [Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia](#), establece, entre outras disposicións, a descrición dos **dereitos e deberes dos empregados públicos**, aplicable tanto ao persoal funcionario coma ao laboral. A continuación, cítanse os dereitos e deberes do persoal funcionario ao ser de obrigado cumprimento, si ben tamén merece unha especial consideración o disposto no artigo 73. Principios de actuación.

No **artigo 71. Dereitos individuais** (modificado parcialmente pola Lei 10/2028 de 28 de decembro e pola Lei 7/2022 do 27 de decembro), prescríbese que os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación desta lei teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo:

LEI 2/2015

Artigo 71 · Dereitos individuais

LEI 2/2015

Artigo 74 · Deberes e código de conduta

- A. Á inamovibilidade na condición de persoal funcionario de carreira.
- B. Ao desempeño efectivo das funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa progresión acadada na súa carreira profesional.
- C. Á progresión na carreira profesional e á promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación.
- D. Á mobilidade profesional nos termos previstos por esta lei.
- E. Ás vacacións, descansos, permisos e licenzas, logo de acreditación documental, de ser o caso, das circunstancias que os xustifiquen nos termos que regulamentariamente se determinen.
- F. A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo.
- G. Ás prestacións da Seguridade Social correspondentes ao réxime que lles sexa aplicable.
- H. A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos e a ser informados polos seus superiores das tarefas que deben desenvolver.
- I. Á defensa xurídica e protección da Administración pública en que presten servizos nos procedementos que se sigan perante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.
- J. Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.
- K. Ao respecto da súa intimidade, orientación sexual, propia imaxe e dignidade no traballo, especialmente fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, moral e laboral.
- L. Á non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo ou orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- M. Á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- N. Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.
- O. A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- P. Á xubilación segundo os termos e as condicións establecidas nas normas aplicables.
- Q. Á libre asociación profesional.
- R. Ao acceso ao seu expediente persoal nos termos que regulamentariamente se determinen.
- S. Aos demais dereitos recoñecidos polo ordenamento xurídico.

ARTIGO 74 · DEBERES E CÓDIGO DE CONDUCTA

- A.** Respetar a Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico.
- B.** Basear a súa conduta no respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, evitando toda actuación que poida producir algunha discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión, discapacidade, idade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- C.** Perseguir coa súa actuación a satisfacción dos intereses xerais dos cidadáns, polo cal a dita actuación se fundamentará en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e ao interese común, á marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, clientelares ou calquera outra que poida colidir con este principio.
- D.** Exercer as súas atribucións segundo o principio de dedicación ao servizo público, absténdose non só de condutas contrarias a este, senón tamén de calquera outra que comprometa a neutralidade no exercicio dos servizos públicos.
- E.** Absterse naqueles asuntos en que teñan un interese persoal, así como de toda actividade privada ou interese que poida supoñer un risco de xerar conflitos de intereses co seu posto público, e, en particular, non contraer obrigas económicas nin intervir en operacións financeiras, obrigas patrimoniais ou negocios xurídicos con persoas ou entidades cando poida supoñer un conflito de intereses coas obrigas do seu posto público.
- F.** Non aceptar ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas, e, en particular, rexeitar calquera regalo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis alá dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código penal.
- G.** Non influír na axilización ou resolución de trámite ou procedemento administrativo sen causa xusta, e en ningún caso cando iso comporte un privilexio en beneficio dos titulares dos cargos públicos ou no seu contorno familiar e social inmediato ou cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.
- H.** Axustar a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración pública na cal presten os seus servizos, cos seus superiores, cos seus compañeiros, cos seus subordinados e cos cidadáns.
- I.** Tratar con atención e respecto os cidadáns, os seus superiores e os restantes empregados públicos.
- J.** Desempeñar con dilixencia as tarefas que lles correspondan ou se lles encomenden, resolvendo, de ser o caso, os procedementos ou expedientes da súa competencia dentro de prazo e cumprindo a xornada e o horario establecidos.

ARTIGO 74 · DEBERES E CÓDIGO DE CONDUTA

- K.** Actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e vixiar a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da organización.
- L.** Obedecer as instrucións e ordes profesionais dos superiores, salvo que constitúan unha infracción manifestado ordenamento xurídico, debendo, en tal caso, poñela inmediatamente en coñecemento dos órganos de inspección correspondentes.
- M.** Administrar os recursos e bens públicos con austeridade e non os utilizar en proveito propio ou de persoas achegadas, así como velar pola súa conservación.
- N.** Garantir a constancia e permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.
- O.** Gardar segredo sobre as materias clasificadas e as demais de difusión prohibida legalmente, e manter a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, o que implica non facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público.
- P.** Manter actualizada a súa formación e cualificación.
- Q.** Observar as normas sobre seguridade e saúde laboral.
- R.** Poñer en coñecemento dos seus superiores ou dos órganos competentes as propostas que consideren axeitadas para mellorar o desenvolvemento das funcións da unidade en que estean destinados. Para estes efectos, poderase prever regulamentariamente a creación da instancia adecuada competente para centralizar a recepción das propostas dos empregados públicos ou cidadáns que sirvan para mellorar a eficacia no servizo.
- S.** Informar os cidadáns sobre aquelas materias ou asuntos que teñan dereito a coñecer e facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
- T.** Garantir a atención aos cidadáns na lingua oficial da Comunidade Autónoma de Galicia que soliciten.

>> 2.3.2 · NORMATIVA DE CARÁCTER DOCENTE

En relación á función docente debemos de considerar como principal referencia o disposto na [Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación](#), modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no seu artigo 91. Funcións do profesorado. Son, entre outras, as seguintes:

- A. A programación e o ensino das áreas, materias, módulos ou ámbitos curriculares que teñan encomendados.
- B. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- C. A tutoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- D. A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, se é o caso, cos servicios ou departamentos especializados.
- E. A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- F. A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.
- G. A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática e da cultura de paz
- H. A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación nel.
- I. A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- J. A participación na actividade xeral do centro.
- K. A participación nos plans de avaliación que determinen as administracións educativas ou os propios centros.
- L. A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente.

Ademais da normativa vixente a nivel nacional, existe diversa lexislación autonómica que regula aspectos máis concretos como poden ser o desenvolvemento do currículo, a avaliación, a convivencia, a atención á diversidade, a participación nos programas de innovación educativa ou a formación, xa que a práctica docente precisa dun profundo coñecemento da [lexislación aplicable a cada un dos ámbitos de actuación](#) cotiás. No seguinte cadro pode consultarse a normativa máis destacada aplicable nas diferentes etapas educativas.

Estas referencias complementáanse co resto de disposicións legais citadas no apartado [2.4. Liñas estratéxicas da Consellería](#) e no apartado [6. Bibliografía e webgrafía](#).

NORMATIVA POR ETAPA EDUCATIVA

1 / 4 · INFANTIL E PRIMARIA

INFANTIL	
CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS	Decreto 150/2022 do 8 de setembro · Orde do 30 de maio de 2023 · Resolución do 11 de xuño de 2026
ORGANIZACIÓN DE CENTRO · ROC E NORMATIVA COMPLEMENTARIA	
PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS	Orde do 29 de xaneiro de 2016 · Orde do 24 de febreiro de 2016
HORARIOS	Orde do 23 de xuño de 2011 · Orde do 4 de xuño de 2012 · Resolución do 10 de xaneiro de 2024 · Resolución do 16 de xuño de 2026
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Decreto 229/2011, do 7 de decembro · Orde do 8 de setembro de 2021
PROTOCOLOS	Lei de Educación Dixital · Plan integral de benestar dixital · Acoso e ciberacoso · Educonvives 2025 · Diversidade e orientación

PRIMARIA	
CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS	Decreto 155/2022 do 15 de setembro · Orde do 26 de maio de 2023 · Resolución do 11 de xuño de 2026
ORGANIZACIÓN DE CENTRO · ROC E NORMATIVA COMPLEMENTARIA	Decreto 374/1996 do 17 de outubro e Orde do 22 de xullo de 1997 (EEI, CEP e CEIP) · Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro · Orde 3 outubro do 2000 · Orde 28 de xuño de 2010 (CPI)
PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS	Orde do 29 de xaneiro de 2016 · Orde do 24 de febreiro de 2016
HORARIOS	Orde do 23 de xuño de 2011 · Orde do 4 de xuño de 2012 · Resolución do 10 de xaneiro de 2024 · Resolución do 16 de xuño de 2026
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Decreto 229/2011, do 7 de decembro · Orde do 8 de setembro de 2021
PROTOCOLOS	Lei de Educación Dixital · Plan integral de benestar dixital · Acoso e ciberacoso · Educonvives 2025 · Diversidade e orientación

NORMATIVA POR ETAPA EDUCATIVA

2 / 4 · ESO E BACHARELATO

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS	Decreto 156/2022 do 15 de setembro · Orde do 26 de maio de 2023 · Orde do 22 de xuño de 2023 · Resolución do 11 de xuño de 2026
ORGANIZACIÓN DE CENTRO · ROC E NORMATIVA COMPLEMENTARIA	Decreto 324/1996 do 26 de xullo e Orde do 1 de agosto de 1997 (IES) Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro · Orde 3 outubro do 2000 · Orde 28 de xuño de 2010 (CPI)
PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS	Orde do 29 de xaneiro de 2016 · Orde do 24 de febreiro de 2016
HORARIOS	Orde do 23 de xuño de 2011 · Orde do 4 de xuño de 2012 · Resolución do 10 de xaneiro de 2024 · Resolución do 16 de xuño de 2026
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Decreto 229/2011, do 7 de decembro · Orde do 8 de setembro de 2021
PROTOCOLOS	Lei de Educación Dixital · Plan integral de benestar dixital · Acoso e ciberacoso · Educonvives 2025 · Diversidade e orientación

BACHARELATO

CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS	Decreto 157/2022 do 15 de setembro e Decreto 118/2023 do 27 de xullo · Orde do 26 de maio de 2023 · Orde do 22 de xuño de 2023 · Orde do 13 de febreiro de 2023 e Orde do 9 de agosto de 2023 · Resolución do 11 de xuño de 2026
ORGANIZACIÓN DE CENTRO · ROC E NORMATIVA COMPLEMENTARIA	Decreto 324/1996 do 26 de xullo e Orde do 1 de agosto de 1997 (IES) Orde 28 de xuño de 2010
PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS	Orde do 29 de xaneiro de 2016 · Orde do 24 de febreiro de 2016
HORARIOS	Orde do 23 de xuño de 2011 · Orde do 4 de xuño de 2012 · Resolución do 10 de xaneiro de 2024 · Resolución do 16 de xuño de 2026
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Decreto 229/2011, do 7 de decembro · Orde do 8 de setembro de 2021
PROTOCOLOS	Lei de Educación Dixital · Plan integral de benestar dixital · Acoso e ciberacoso · Educonvives 2025 · Diversidade e orientación

NORMATIVA POR ETAPA EDUCATIVA

3 / 4 · FP E RÉXIME ESPECIAL

FORMACIÓN PROFESIONAL	
CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS	Decreto 20/2026 do 9 de marzo · Orde do 12 de xullo de 2011 · Orde do 13 de xullo de 2015 · Orde do 5 de novembro de 2010 · Orde do 15 de xuño de 2016 · Resolución do 3 de xullo de 2026
ORGANIZACIÓN DE CENTRO · ROC E NORMATIVA COMPLEMENTARIA	Decreto 77/2011 do 7 de abril e Orde do 29 de xullo de 2011 (CIFP)
PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS	Orde do 29 de xaneiro de 2016 · Orde do 24 de febreiro de 2016
HORARIOS	Orde do 23 de xuño de 2011 · Orde do 4 de xuño de 2012 · Resolución do 10 de xaneiro de 2024 · Resolución do 16 de xuño de 2026
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Decreto 229/2011, do 7 de decembro · Orde do 8 de setembro de 2021
PROTOCOLOS	Lei de Educación Dixital · Plan integral de benestar dixital · Acoso e ciberacoso · Educonvives 2025 · Diversidade e orientación

RÉXIME ESPECIAL	
CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS	Música · Idiomas · Artes plásticas e deseño · Conservación e restauración de bens culturais · Arte dramática · Danza
PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS	Orde do 29 de xaneiro de 2016 · Orde do 24 de febreiro de 2016
HORARIOS	Orde do 23 de xuño de 2011 · Orde do 4 de xuño de 2012
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Decreto 229/2011, do 7 de decembro · Orde do 8 de setembro de 2021
PROTOCOLOS	Educonvives 2025 · Diversidade e orientación

NORMATIVA POR ETAPA EDUCATIVA

4 / 4 · EPA E UNIVERSIDADE

EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS

[Orde do 2 de outubro de 2024](#) · [Orde do 26 de abril de 2007](#) · [Resolución do 3 de xuño de 2026](#)

ORGANIZACIÓN DE CENTRO · ROC E NORMATIVA COMPLEMENTARIA

[Decreto 88/1999 do 11 de marzo](#) · [Orde do 8 de maio de 2002](#) · [Orde do 20 de xullo de 2009](#) · [Orde do 11 de xuño de 2010](#)

PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS

[Orde do 29 de xaneiro de 2016](#) · [Orde do 24 de febreiro de 2016](#)

UNIVERSIDADE

NORMATIVA E GUÍAS

[Guía do sistema universitario de Galicia](#) · [Normativa estatal e autonómica](#)

2.4 LIÑAS ESTRATÉXICAS DA CONSELLERÍA: ESTRATEXIAS, PLANS E PROGRAMAS DE INNOVACIÓN

Na procura dunha mellora continua do sistema educativo a Administración, ao longo do curso escolar, diseña e traslada ao conxunto dos centros diversas propostas de actuación que permitan acadar a máxima calidade educativa. Neste senso cómpre falar, como propostas máis novidosas e de máis profundo impacto no sistema, das seguintes:

Plan MEGA: En setembro de 2024, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP presentou o Plan MEGA de mellora educativa de Galicia á comunidade escolar, unha iniciativa que destacou como *"un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades"*. Os obxectivos deste plan para os próximos catro cursos son incrementar o nivel de competencias do alumnado, personalizar o apoio educativo, mellorar a atención ás necesidades específicas, avanzar cara un ensino máis inclusivo e fortalecer a formación do persoal docente.

PROGRAMAS DO PLAN MEGA

1. Programa Promociona · 2. Programa PROA+ · 3. Programa de Reforzo da Competencia Lectora · 4. Programa de Reforzo da Competencia Matemática · 5. Programa Galego de Apoio Educativo para o Alumnado Estranxeiro · 6. Programa para o Impulso de Centros referentes, que inclúe os Proxectos de Inclusión Educativa (PIE) e os Proxectos de Innovación Educativa (Innova-Lab)

Eduinclusión 2030: A estratexia galega de inclusión educativa, publicada en novembro de 2025, responde ao compromiso da Xunta de Galicia de exercer a súa responsabilidade e aplicar as medidas necesarias para lograr unha educación equitativa accesible e adaptada á realidade de cada estudante, avanzando así cara a un sistema máis xusto e accesible.

Plan LIA 21-25: O Plan das bibliotecas escolares para a Lectura, Información e Aprendizaxe está en funcionamento dende o ano 2010 e acada xa a terceira edición, despois dos Plans LIA 2010/2015 e 2016/2020. No Plan LIA 21-25 establécese o formato dunha constelación de sete puntos de atención, que imitan as sete estrelas que configuran a constelación da Osa Maior, tradicionalmente coñecida coma O Setestrello. Estes sete puntos estelares constitúen os grandes ámbitos de actuación a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura nos centros de ensino de Galicia: Rede de bibliotecas escolares de Galicia (BEGA), Biblioteca social, Redes de acción/colaboración/avaliación/comunicación, Bibliotecas creativas LIA3, Lectura ALFIN/AMI, Formación e contribución á innovación metodolóxica.

[EduLingüe 2030](#): supón a continuidade e a consolidación dos programas de éxito desenvolvidos na última década, destacando o reforzo dos programas de inmersión lingüística, da certificación de competencias lingüísticas tanto do alumnado como do profesorado e unha liña específica de programas de boas prácticas baixo a filosofía de compartir para mellorar.

[Galemundo](#): Aglutina un amplo abano de iniciativas para a internacionalización e a mellora da aprendizaxe de idiomas entre a comunidade escolar. Ao longo do curso 25/26 beneficiáronse das diversas convocatorias máis de 8.300 persoas entre estudantes e docentes.

[Edudixital 2030](#): pretende fomentar o ecosistema educativo dixital e perfeccionar as competencias e capacidades dixitais das comunidades educativas mediante a actuación nos ámbitos do alumnado, profesorado, familias, centros educativos e comunidade educativa en xeral.

ORGANÍZASE EN TORNO A 12 ACCIÓNS DE IMPACTO:

A dotación de Polos creativos, o Plan Dixital de centro, o traballo con IA, STEM, robótica e tecnoloxías intensivas, o desenvolvemento da administración educativa dixital, as aulas virtuais intelixentes, mobilidade virtual e actividades virtuais extraescolares, a accesibilidade universal, contidos dixitais, un plan integral de formación e acreditación de competencias dixitais da comunidade educativa, un plan formativo en recursos dixitais, un plan integral de loita contra a desinformación e un plan de infraestruturas educativas. De cara ao curso 26/27 actualízase o [programa E-Dixgal](#) asentando as bases dun modelo de ensinanza híbrido

Polos Creativos: Os Polos creativos son espazos de co-creación abertos a toda a comunidade educativa e organizados didacticamente para fomentar a creatividade a través da superación de retos, a consecución de proxectos, a resolución de problemas, a realización de prototipos, a construción de resultados tanxibles, etc. Parten dunha visión ampla integrando o coñecemento en retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía, etc.), desde a aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria, baseada en actividades de experimentación e investigación. Funcionan como nó de actividades variadas (IA, tecnoloxías intensivas, impresión 3D, microcontrol, IoT, robótica, ...) fomentando o pensamento de deseño, o prototipado, a resolución de problemas e o desenvolvemento de competencias clave. Contan co equipamento específico, unha persoa coordinadora e un equipo dinamizador. No curso 25/26 actualizaronse as [instrucións para o seu desenvolvemento](#) e publicáronse as convocatorias de [Apoio á inclusión desde Polos Creativos](#) e [Polos Eclipsados](#).

Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica: Ademais das necesidades apuntadas polas ciencias da educación, e co impacto da pandemia, as infraestruturas da educación sufriron un gran impacto e transformación: adaptáronse abruptamente os métodos de ensino mixto, implantáronse medidas de seguridade nos centros e cambiouse a dinámica de funcionamento dos mesmos. Todo isto traducíuse nunha profunda reflexión sobre como os espazos poden ser promotores do benestar, da inclusión, da igualdade cara unha vida máis saudable e unha sociedade máis cohesionada. Como resultado desa reflexión xorden o Plan de Nova arquitectura pedagóxica e o Manual de identidade corporativa para os centros docentes públicos, regulamentados na [Resolución do 3 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade](#).

Resulta interesante para todos os centros educativos a recentemente publicada [Guía](#) de mantemento dos centros educativos

[Plan de benestar e accesibilidade na escola, Ben_estar 2026:](#) Inclúe diversas obras nos centros educativos para mellorar as instalacións.

[Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030,](#) folla de ruta da FP galega, co obxectivo de dar resposta ás demandas de capital humano aliñando as necesidades de competencias profesionais das empresas coa oferta formativa, facilitando o acceso ao emprego por parte da cidadanía, e impulsando o procedemento de acreditación de competencias. A orientación profesional, a innovación, o emprendemento e a internacionalización son eixes claves desta estratexia desenvolta a través de 44 medidas.

[O Plan FPGal360 de orientación profesional integral](#). Co obxecto de establecer un sistema integral de orientación profesional que guíe e acompañe á cidadanía na súa toma de decisións educativas e profesionais desde idades temperás e ao longo de toda a vida, propónse este Plan de Orientación integral FPGal360, con dous obxectivos estratéxicos: Reducir o abandono escolar temperá, perseguindo a "tendencia cero", e incrementar a cualificación da poboación xove.

OS TRES EIXES DO FPGAL360

1. Maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo, perseguindo a "tendencia cero" no abandono escolar temperá
- 2. Potenciar un sistema integral de orientación profesional e vocacional
- 3. Facilitar a titulación da poboación xove sen cualificación

[O plan Innova FP Galicia 2026-2030](#) para o impulso de liñas de actuación que consoliden a innovación avanzada na Formación Profesional Galega, desenvolverase a través de 27 medidas que buscan o fortalecemento do papel estratéxico da FP na I+D+i galega, o fomento da explotación dos resultados da innovación, o avance na implementación da innovación disruptiva e o desenvolvemento da innovación transformadora cara un sistema híbrido integral de FP.

[O plan Eduemprende](#), Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que dende a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP se transmite á comunidade educativa.

Por outro lado, cómpre recoñecer e difundir o traballo ben feito polos docentes e centros educativos galegos, así como contribuír á súa difusión para consolidar unha **estrutura cooperativa de aprendizaxe e intercambio de boas prácticas**. Para iso existen convocatorias específicas como poden ser:

Observa-Acción: Configúrase como un modelo de formación baseado na observación tanto a nivel interno dos propios centros como en colaboración con outros de dentro e de fóra de Galicia. Isto permite aprender novas estratexias de ensinanza, novos enfoques pedagóxicos e xestión da aula. Isto é, a través da súa participación no programa, os docentes coñecen e comparten outras realidades educativas que despois poden aplicar nos seus colexios e institutos.

Programa para o Impulso de Centros Referentes: Forma parte das medidas que desenvolve o [Plan MEGA](#). Pódense citar as seguintes iniciativas:

Innova-Lab

Busca mellorar os centros escolares mediante a implementación de proxectos de innovación educativa, enfocándose na mellora da competencia matemática e da comprensión lectora, na internacionalización do alumnado e máis na sostibilidade.

Proxectos de Inclusión Educativa (PIE)

Constitúe un instrumento de apoio aos centros educativos para que dentro da súa autonomía desenvolvan proxectos educativos que os convertan en centros de referencia no ámbito da igualdade, convivencia, inclusión e benestar emocional.

Outra forma de recoñecemento ao gran labor desenvolvido polo persoal docente ao servizo da Administración educativa é a convocatoria de diversos **premios**. Algúns exemplos son:

[Premios Innovagal](#)

[Premios Convivimos](#)

[Premios Boas prácticas de educación inclusiva](#)

[Tolerancia cero fronte ao acoso escolar](#)

03

FASE DE PRÁCTICAS

.....

Obxecto e duración, comisións cualificadoras, tutoría, actividades de formación e avaliación do profesorado en prácticas.

A [Orde do 18 de febreiro de 2026](#) pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres, e o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

Baseándonos nesta referencia normativa, preséntanse os aspectos máis relevantes que debe contemplar o persoal funcionario en prácticas:

20.1 OBXECTO E DURACIÓN DA FASE DE PRÁCTICAS

A duración da fase de prácticas será de catro (4) meses. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá flexibilizar este período por causas xustificadas e a flexibilización poderá afectar tanto a duración como a temporización.

20.2 CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS CUALIFICADORAS

En cada departamento territorial constituirase unha comisión cualificadora integrada pola xefatura da inspección provincial, que exercerá a súa presidencia; dous/dúas inspectores/as de educación e dous/dúas directores/as de centros, designados/as polo director ou directora territorial.

20.3 PROFESOR OU PROFESORA TITORA DA FASE DE PRÁCTICAS

O exercicio da docencia durante a fase de prácticas desenvolverase baixo a tutoría dunha persoa funcionaria de carreira do mesmo corpo, experimentada e preferentemente da especialidade correspondente, designada pola comisión cualificadora da provincia.

20.4 FUNCÍONS DO TITOR OU TITORA

As funcións do/da profesor/a titor/a consistirán en asesorar, informar e avaliar ao persoal funcionario en prácticas sobre a organización e funcionamento do centro e dos seus órganos de goberno, de participación e de coordinación didáctica, sobre a programación didáctica da materia ou dos módulos profesionais, a programación de aula e a avaliación do alumnado. Ao final do período de prácticas, o/a profesor/a titor/a emitirá un informe sobre todos os datos que considere de interese e remitirao á comisión cualificadora.

20.5 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Formando parte da fase de prácticas, o persoal aspirante seleccionado pola quenda de ingreso libre e reserva de persoas con discapacidade deberá:

- 1** Participar nas **xornadas formativas de coñecemento da Administración educativa galega**, que serán organizadas polo Servizo de Programas de Formación.
- 2** Realizar un **curso de formación de lingua galega de 20 horas** de duración. Este curso, que será organizado polo Servizo de Programas de Formación, consistirá nunha formación específica sobre a terminoloxía, os estilos, os aspectos sociolingüísticos e a linguaxe propia da especialidade que lle permita ao persoal funcionario en prácticas desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.
- 3** Realizar un **curso de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero**, para a obtención do nivel básico de coñecemento regulado no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ambos **cursos de formación** (lingua galega e igualdade) realizaranse na plataforma de teleformación [PLATEGA](#). A matrícula nestas actividades formativas farase de oficio por parte da Administración educativa e desenvolverase no **primeiro trimestre do curso escolar 26/27**.

XORNADAS DE COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA:

As xornadas de coñecemento da Administración educativa galega terán unha duración de 8 horas repartidas en dúas sesións. Na segunda sesión o persoal participante recibirá formación sobre a elaboración do informe-memoria final establecido no artigo 20.6.

1

Primeira sesión (4 horas)

CIDADE DA CULTURA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

INFANTIL E PRIMARIA - 03/09/26

SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL - 04/09/26

09:00 – 09:45

Recepción e primeiro control de asistencia

09:45 – 10:00

Benvida institucional

10:00 – 10:20

Estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

10:20 – 11:00

Mesa redonda. Presentación dos programas da Consellería

11:00 – 11:30

Charla. Organización e funcionamento dun centro educativo. Instrucións de principio de curso

11:30 – 12:00

Charla. Protección de datos

12:00 – 12:30

Descanso

12:30 – 13:05

Charla informativa sobre MUFACE. Persoal docente de novo ingreso

13:05 – 13:40

Charla coloquio coa participación de persoas directoras e funcionarias que accederon na convocatoria de 2025

13:40 – 14:10

Pílulas informativas

Funcionamento de Fprofe

Modelo de Competencias Profesionais Docentes (MCPD)

Acreditación Competencia Dixital Docente (CDD)

14:10

Peche, despedida e segundo control de asistencia

2

Próximas sesións (4 horas)

1º TRIMESTRE (DATA POR DETERMINAR)
SESIÓNS DISTRIBUÍDAS POR PROVINCIAS

(2 horas)

Concurso Xeral de Traslados (CXT)

(2 horas)

Memoria de prácticas



XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
CALIDADE



Xacobeo
2027

20.6 AVALIACIÓN DO PROFESORADO EN PRÁCTICAS

As persoas aspirantes elaborarán un informe-memoria final no cal farán unha valoración global da súa actividade, así como das dificultades encontradas e dos apoios recibidos. Este informe seralle entregado ao remate da fase de prácticas á comisión cualificadora. A avaliación do persoal aspirante será efectuada pola comisión cualificadora a partir dos informes emitidos polo/a profesor/a tutor/a, a dirección do centro, o persoal responsable das actividades de formación e, se é o caso, o inspector/a responsable do centro e do informe presentado pola propia persoa aspirante. A presidencia da comisión cualificadora, en caso de informes desfavorables, disporá que o inspector/a de educación do centro en que presta servizos o funcionario ou a funcionaria que está realizando as prácticas visite dito centro e avalíe na aula as súas aptitudes didácticas como docente. O informe da inspección engadirase aos do/da director/a e profesor/a tutor/a para que, xunto co informe-memoria final realizado polo funcionario/a en prácticas, sirvan para a avaliación que debe facer a comisión cualificadora.

20.7 A comisión cualificadora trasladaralle á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a relación de persoal funcionario en prácticas coa cualificación obtida.

20.8 CUALIFICACIÓN DA FASE DE PRÁCTICAS

As prácticas cualificaranse como «**apto/a**» ou «**non apto/a**».

Por último, as persoas que acceden á función pública docente neste curso 26/27 deben realizar os **seguintes trámites administrativos**:

TRÁMITE 1

Toma de posesión no centro educativo e envío de documentación aos Departamentos Territoriais, segundo as instrucións publicadas na aplicación [CADP](#).

TRÁMITE 2

Participación no [CXT](#) (Concurso Xeral de Traslados), que se considera obrigatoria para persoal funcionario en prácticas.

04

PRIMEIROS PASOS COMO DOCENTE

- 4.1** Aspectos administrativos
- 4.2** Aspectos organizativos
- 4.3** Aspectos didácticos

4.1 ASPECTOS ADMINISTRATIVOS

- » Consulta e información sobre o acceso á Función Pública: [prestacións](#), [afiliación e cotizacións](#), etc.
- » Creación ou activación do [usuario edu.xunta](#).
- » Solicitud de alta no [XADE](#) do centro (imprescindible para acceso a PROENS, avaliación e rexistro de faltas en XADE, etc.).

ACCESOS DIRECTOS

[CADP](#)

Adxudicación de destinos provisionais

[CXT](#)

Concurso Xeral de Traslados

[PersoalCentros](#)

Rexistro de cargos e coordinacións

[PROENS](#)

Programacións didácticas

[Fprofe](#)

Inscripción en formación

[Datos persoais](#)

Expediente do persoal docente

4.2 ASPECTOS ORGANIZATIVOS

- » Consulta do Proxecto Educativo do centro, así como da concreción curricular.
.....
- » Consulta de documentos/plans de acollida para novo profesorado de cada centro.
.....
- » Integración nos órganos colexiados (Claustro e Consello Escolar), nos órganos de coordinación docente e nos equipos de dinamización e coordinación regulados na normativa actual (apartado [2.3. Normativa básica](#)). O rexistro da participación nos cargos de coordinación e dinamización na aplicación Persoal Centros e responsabilidade da dirección do centro, sen prexuízo da responsabilidade que poida corresponder a outras persoas.
.....
- » Participación na asignación de titorías, segundo a normativa vixente en cada etapa educativa (apartado [2.3. Normativa básica](#))
.....
- » Participación na elaboración de documentación, reunións e preparación do curso escolar segundo o establecido na [Orde de 4 de xuño de 2026 pola que se aproba o calendario escolar](#).
.....
- » Consulta e aplicación na práctica docente do disposto nas [Instrucións](#) para o desenvolvemento das ensinanzas nas diversas etapas educativas.
.....

»» O Regulamento Orgánico de Centros aplicable a cada tipoloxía (EEI, CRA, CEP, CEIP, IES, CPI e CIFP) recóllese na táboa de [normativa por etapa educativa](#).

4.3 ASPECTOS DIDÁCTICOS

>> USO DE APLICACIÓNES CORPORATIVAS

XESTIÓN DE ASPECTOS COTIÁNS NA FUNCIÓN DOCENTE	PROENS (deseño e seguimento das programacións, publicidade ás familias, adaptacións curriculares , memorias...) · XADE (registro de faltas de asistencia, avaliación...) · abalarMobil (uso familias) e abalarPro (uso profesorado)
TRABALLO DOCENTE	Aula Virtual do centro (Moodle) · Webs dinámicas (Drupal) · EVA / E-Dixgal
TRABALLO COLABORATIVO	boxabalar · XUNTAarchivos (permite enviar arquivos de gran tamaño, si ben só é operativa se se accede dende redes corporativas)
COMUNICACIÓN	Falemos ou Webex (videoconferencias)
FORMACIÓN DOCENTE	Fprofe · Aulas virtuais do CAFI/CFR · Formación presencial (cursos, xornadas e congresos) · Formación na Rede — PLATEGA

As **únicas ferramentas dixitais permitidas no ámbito docente** son as autorizadas expresamente pola propia Consellería e/ou aquelas instaladas por defecto nas maquetas abalar. En tanto non exista o catálogo de aplicacións previsto na [Lei de Educación Dixital](#), poderíanse tomar como referencia as indicacións de INTEF nas súas [orientacións sobre o uso de aplicacións no ámbito educativo desde a perspectiva da protección de datos](#). Así mesmo, a conexión de datos que se debe de usar nos centros educativos son as [redes "edu.xunta.gal"](#).

É moi importante **coñecer e aplicar todas as recomendacións establecidas** no [Protocolo de protección de datos persoais](#) publicado en [EDUCONVIVES](#) en setembro de 2022. No que se refire ao cumprimento da normativa de protección de datos persoais, debe contemplarse o indicado na normativa aplicable e no citado Protocolo, sendo responsable dos tratamentos realizados nos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a Secretaría Xeral Técnica. Así mesmo, na Consellería existe unha **persoa delegada de protección de datos, con funcións de información e asesoramento á persoa responsable do tratamento e ao persoal ao seu servizo** en materia de protección de datos, e de supervisión do cumprimento da normativa vixente, incluíndo a concienciación e formación do persoal que participa nas operacións de tratamento dos datos. Para que esta figura poida cumprir as súas funcións e para harmonizar os tratamentos de datos persoais nos centros educativos, as dúbidas que xurdan ao respecto deben de trasladarse á persoa delegada de protección de datos (DPD).

Así mesmo, os centros docentes deberán notificar á DPD calquera incidencia da que tivesen coñecemento que puidese afectar os datos persoais, así como calquera queixa ou reclamación que puidesen facerlles chegar o alumnado, as familias ou o propio persoal do centro, co fin de que a DPD valore os feitos que fundamentan a devandita reclamación e asesore sobre a xestión máis idónea.

CONTACTO COA PERSOA DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Formulario electrónico: xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos

Correo electrónico: dpd.educacioneciencia@xunta.gal

>> METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

- » **Contidos dixitais:** [Ágora dixital](#), [cREAgal](#), [Dixit](#), [Lenzo](#), [Polos Creativos](#) e [Repositorio de contidos educativos](#).
- » **Bibliotecas escolares:** <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/>
- » **Espazos colaborativos:** [Aqueiro](#)
- » **Igualdade:** <https://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>

Se ben non está publicada definitivamente, é de especial consideración neste eido a [Lei de Educación Dixital](#).

Para garantir un uso axeitado dos recursos dixitais débense respectas as disposicións incluídas no [Plan de Benestar Dixital](#)

>> EDUCACIÓN INCLUSIVA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. As [referencias normativas](#) a considerar son o [Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#) e a [Orde 8 de setembro de 2021](#)

>> CONVIVENCIA

A [Estratexia galega de convivencia escolar Educonvives 2025](#) vertebra e desenvolve o conxunto de actuacións que o sistema educativo galego ofrece a toda á comunidade educativa, coa máxima de “tolerancia cero” fronte ao acoso escolar. No ano 2026 constitúese a Rede de Concellos contra o Acoso Escolar impulsada pola Xunta en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), da que tamén forma parte a Fiscalía Superior de Galicia.

>> AVALIACIÓN

É preciso ter en conta que cada etapa educativa ten a súa normativa específica para a avaliación (apartado [2.3. Normativa básica](#)). Ademais do disposto nesta normativa, hai que considerar que se debe rexistrar toda a información sobre este procedemento nas aplicacións [PROENS](#) (redacción da avaliación nas programacións e seguimento das mesmas) e [XADE](#) (registro de notas e medidas adoptadas).

>> REFLEXIÓN SOBRE A PRÁCTICA DOCENTE

En diversa normativa (apartado [2.3. Normativa básica](#)) sobre a avaliación podemos observar diversas referencias ao análise e reflexión sobre o traballo docente: indicadores de logro nas programacións, seguimento da programación, sesións de avaliación...Estes procedementos poñen en valor a importancia da análise sobre a práctica docente, xa que o proceso de ensino aprendizaxe implica a avaliación de todos os axentes implicados, chegando nun último nivel de reflexión á fase de metaavaliación.

Para poder completar con éxito esta reflexión e análise do traballo desenvolvido, así como para chegar a planear propostas de mellora, cobra especial importancia a función de mentoría do persoal novo funcionario por parte das persoas que asumen a titoría das prácticas.

05

MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES · FORMACIÓN DO PROFESORADO

.....

*“Un profesor trabaja para la eternidad: nunca sabrá hasta dónde
llegará su influencia”*

HENRY BROOKS ADAMS

A CONTORNA PERSOAL DE APRENDIZAXE (PLE)

Pódese definir unha **Contorna Persoal de Aprendizaxe** (PLE en inglés: Persoal Learning Environment,) coma o conxunto de fontes de información, ferramentas de xestión, redes de contactos e ámbitos de aprendizaxe que organizan a nosa actividade laboral.

Podemos detallar un pouco máis os **elementos** citados e así aproximarnos aos recursos que se poden aglutinar en cada un destes campos:

FONTES DE INFORMACIÓN DIVERSIFICADAS

Inclúense libros, artigos, vídeos, podcasts ou cursos en liña.

FERRAMENTAS DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

Son de uso habitual aplicacións e plataformas que axudan a organizar, almacenar e recuperar información de maneira eficiente.

REDES SOCIAIS E PROFESIONAIS

Estas redes permiten conectarse con outros individuos que comparten intereses similares, colaborar en proxectos e compartir recursos e coñecementos.

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE FORMAIS E INFORMAIS

Pódense agrupar tanto experiencias prácticas nos centros educativos coma proxectos persoais, actividades de aprendizaxe autodirixidas ou a exploración de afeccións e áreas de interese.

Dende hai anos, no ámbito docente vense traballando en diversos modelos que permiten orientar ao persoal docente na súa formación e así mesmo, establecer o marco dunha carreira profesional que reverta nunha mellor calidade docente.


O sistema educativo galego conta cun modelo propio que se ven desenvolvendo dende o ano 2023, o [modelo de Competencias Profesionais Docentes da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades](#), que é considerado a principal referencia da formación do profesorado na nosa Comunidade Autónoma.

Este modelo deseñouse para a consecución dos seguintes obxectivos:

- » Mellorar a **calidade** da educación.
- » Axudar ás persoas docentes a desenvolver **habilidades profesionais clave**.
- » Fomentar a **profesionalización** da docencia.
- » Establecer **estándares de calidade** claros para a formación e o desempeño.
- » Mellorar a **colaboración e o intercambio** de coñecementos.
- » **Poñer en valor** a figura da persoa docente.



AS COMPETENCIAS
PROFESIONAIS
DOCENTES



ÁREA PEDAGÓGICA

ÁREA PROFESIONAL

ÁREA SOCIAL

Establécese unha estrutura xerárquica nos **elementos que o desenvolven**, que son os seguintes:

3 ÁREAS

- » Pedagóxica
- » Profesional
- » Social

7 COMPETENCIA PROFESIONAL DOCENTE

ÁREA PEDAGÓXICA

- » **Competencia didáctica**
- » **Competencia comunicativa**
- » **Competencia dixital**

ÁREA PROFESIONAL

- » **Competencia en desenvolvemento profesional**
- » **Competencia en organización escolar e colaboración**

ÁREA SOCIAL

- » **Competencia en saúde, seguridade e benestar**
- » **Competencia inclusiva, social e cidadá**

36 DESCRITORES COMPETENCIAIS

Niveis de concreción maior de cada unha das competencias que amosan facetas concretas do desenvolvemento destas.

3 NIVEIS

- » Básico
- » Intermedio
- » Avanzado

Para cada un dos descritores nos que se organizan todos os indicadores.

A COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE NA CARREIRA PROFESIONAL

Afondando no ámbito das Competencias Profesionais Docentes, podemos falar da regulación tanto a nivel nacional como a nivel autonómico da Competencia Dixital Docente, baseada en diversos [documentos publicados polas Administracións educativas](#).

Este completo desenvolvemento da Competencia Dixital Docente implica tamén o seu recoñecemento na carreira profesional do persoal docente, baremándose coma mérito no Concurso Xeral de Traslados, tanto a nivel nacional coma a nivel autonómico, así como nos procedementos de selección para prazas específicas. De cara ao [vindeiro curso 26/27 tamén se considerará coma un mérito](#) nos procesos de oposición aos corpos docentes.

É importante lembrar tamén a importancia que se lle outorga á acreditación na Competencia Dixital Docente na [Resolución do 10 de xaneiro de 2024](#), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No seu apartado 4. Incremento mensual do compoñente do complemento específico por formación permanente do persoal funcionario e persoal laboral docente, establécese o seu recoñecemento.

ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

O procedemento para a acreditación regúlase na [Orde do 1 de xuño de 2023](#). Máis información no [portal da competencia dixital docente](#).

PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2026/27

A formación do persoal docente baséase no [modelo de Competencias Profesionais Docentes da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades](#).

O modelo galego de Competencias Profesionais Docentes foi establecido xa en 2015 como referencia para a formación e a práctica docente e actualizouse en 2023 para responder aos novos retos educativos. Esta actualización mantén a coherencia coas liñas estratéxicas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (CECUFP) e comparte visión e misión co documento proposto pola Relatoría para a elaboración do Marco de Competencias Profesionais Docentes (setembro de 2022 - xaneiro de 2025), consolidando así unha proposta común que promove a mellora continua, a equidade e a calidade no exercicio da docencia.

O **Plan Anual de Formación do Profesorado (PAFP)** que pon en marcha a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten como obxectivo último a mellora da práctica docente de **todos os niveis non universitarios** e, polo tanto, inclúe unha oferta formativa adaptada ás necesidades do profesorado galego, permitíndolle coñecer e incorporar novas formas de ensinar e garantindo a mellora das competencias profesionais docentes.

Para o desenvolvemento das sete competencias do modelo, a oferta formativa está organizada en cinco liñas de traballo, que son:

AS CINCO LIÑAS DE TRABAJO



DIDÁCTICA



DIXITAL



INNOVACIÓN
E INVESTIGACIÓN



CONVIVENCIA
E INCLUSIÓN



COMUNICACIÓN
E PLURLINGÜISMO

Á súa vez, cada unha destas **liñas prioritarias traballan dúas ou tres competencias de xeito troncal**, e as demais competencias profesionais docentes se abordan de xeito complementario, como se pode ver na seguinte táboa:

LIÑAS DE TRABAJO	COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES	ITINERARIOS
1. Didáctica	Didáctica Dixital Inclusiva, social e cidadá Comunicativa Desenvolvemento profesional Organización escolar e colaboración Saúde, seguridade e benestar	» Desenvolvemento curricular » Metodoloxías didácticas » Deseño e desenvolvemento de proxectos STEM » Polos creativos » Fomento da competencia matemática » Fomento da competencia lectora
2. Dixital	Didáctica Dixital Inclusiva, social e cidadá Organización escolar e colaboración Comunicativa Desenvolvemento profesional Saúde, seguridade e benestar	» Dixitalización do centro e da comunidade educativa » Contidos educativos dixitais » Intelixencia artificial » Metodoloxías dixitais » E-Dixgal
3. Innovación e investigación	Desenvolvemento profesional Organización escolar e colaboración Inclusiva, social e cidadá Didáctica Comunicativa Dixital Saúde, seguridade e benestar	» Innovación » Investigación » Internacionalización
4. Convivencia e inclusión	Saúde, seguridade e benestar Inclusiva, social e cidadá Didáctica Comunicativa Dixital Desenvolvemento profesional Organización escolar e colaboración	» Convivencia escolar e coeducación » Inclusión educativa

LIÑAS DE TRABAJO	COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES	ITINERARIOS
5. Comunicación e plurilingüismo	Comunicativa	
	Inclusiva, social e cidadá	
	Saúde, seguridade e benestar	» Comunicación
	Didáctica	» Tratamento da información
	Dixital	» Plurilingüismo
	Desenvolvemento profesional	
	Organización escolar e colaboración	

A planificación da oferta formativa organízase a través de **diferentes vías de formación**:

No propio centro A través dos PFPP .	Grupos de docentes Intercentros e/ou internivelares, a través de grupos de traballo ou seminarios.	Formación individual Presencial, mixta ou na Rede (PLATEGA). A inscrición farase a través da aplicación Fprofe .
--	--	--

O [Plan Anual de Formación do Profesorado \(PAFP\)](#) para o curso 2026/27 e o [Plan Anual de Capacitación do Profesorado de Formación Profesional](#) para o curso 2026/27, están organizados en base a **liñas de traballo** orientadas á actualización permanente das competencias profesionais docentes.

CENTRO EDUARDO BARREIROS

O [Centro Galego da Innovación da Formación Profesional, Centro Eduardo Barreiros](#), constitúe un espazo de referencia para o impulso da investigación e a innovación aplicada, a formación de alta especialización, a internacionalización e o emprendemento industrial no sistema galego de Formación Profesional.

A súa actividade céntrase no desenvolvemento de proxectos que permiten achegar novas metodoloxías, tecnoloxías emerxentes e solucións innovadoras aos centros de FP, favorecendo a transferencia de coñecemento ao ámbito profesional e contribuíndo á modernización dos sectores produtivos de Galicia.

Como principal motor da I+D+i da Formación Profesional galega, o centro promove iniciativas orientadas á mellora continua do ensino, á actualización das competencias do profesorado e á conexión entre a formación, a innovación tecnolóxica e as necesidades reais das empresas. Deste xeito, contribúe a reforzar a competitividade do tecido produtivo galego e a consolidar unha FP máis avanzada, flexible e aliñada cos retos actuais.


No marco da formación en alta especialización, o centro ten entre as súas funcións dotar o profesorado das ensinanzas de Formación Profesional de novas competencias e cualificacións que lle permitan mellorar o seu desempeño docente e adaptarse ás esixencias dun contorno educativo e produtivo en constante evolución.

Así mesmo, impulsa o desenvolvemento de proxectos formativos baseados en novos modelos metodolóxicos, orientados á anticipación das necesidades emerxentes dos distintos sectores produtivos e á mellora da transferencia de coñecemento ao ámbito profesional.

Outra das súas liñas fundamentais é ofrecer e impartir formación especializada en innovación tecnolóxica e no uso de novas tecnoloxías aplicadas aos procesos de produción e aos servizos. Esta formación diríxese especificamente ao profesorado de Formación Profesional, co obxectivo de favorecer a súa actualización continua e facilitar a incorporación destes avances aos centros educativos. O CGIFP Centro Eduardo Barreiros actúa como un eixo estratéxico para a transformación da Formación Profesional en Galicia, impulsando unha formación máis especializada, conectada coa realidade produtiva e orientada á innovación permanente.

Así, o conxunto do sistema educativo galego, **combinando as distintas modalidades formativas**, ten á súa disposición unha oferta diversificada para adaptarse mellor ás circunstancias e intereses dos propios centros e do seu profesorado. Calquera tipo de formación estará contextualizada para unha translación directa á práctica docente e á súa aplicación á aula e poderá integrarse como un proceso estratéxico no proxecto educativo do centro.

A formación do profesorado galego xestiónase dende o [Servizo de Programas de Formación](#) a través do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), da Rede de Centros de Formación e Recursos (CFRs) e do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, adicado entre outras funcións á formación de alta especialización para o profesorado de formación profesional.



1 **Servizo de Programas de Formación**

Edificio Administrativo de San Caetano, s/n - 15781 - Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 574
spdf@edu.xunta.gal

2 **CAFI**

Cidade da Cultura - Monte Gaiás s/n - Edificio Fontán - Bloque 1 - 3º Andar
Teléfono: 881 997 004
cafi@edu.xunta.gal

3 **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DA CORUÑA**

Rúa da Educación, 3 (Edificio UNED)
Teléfono: 981 274 221
cfr.coruna@edu.xunta.gal

4 **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE FERROL**

Rúa O Galego Soto, s/n
Teléfono: 981 370 541
cfr.ferrol@edu.xunta.gal

5 **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE LUGO**

Rúa Doutor Yañez Rebolo, 31
Teléfono: 982 251 068
cfr.lugo@edu.xunta.gal

6 **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE OURENSE**

Rúa da universidade, 18
Teléfono: 988 241 533
cfr.ourense@edu.xunta.gal

7 **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE PONTEVEDRA**

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 4
Teléfono: 986 872 888
cfr.pontevedra@edu.xunta.gal

8 **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Rúa Lamas de Abade, s/n
Teléfono: 981 522 411
cfr.santiago@edu.xunta.gal

9 **CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE VIGO**

Rúa Rocío, 72,
Teléfono: 986 202 370
cfr.vigo@edu.xunta.gal

10 **CENTRO GALEGO DA INNOVACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL CENTRO EDUARDO BARREIROS**

Rúa Ermida, 185, 32005 Ourense
Teléfono: 988 68 78 01

PLAN ANUAL DE CAPACITACIÓN DO PROFESORADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E RÉXIME ESPECIAL 2026/27

A formación do profesorado no ámbito da Formación Profesional ou das Ensinanzas de Réxime Especial presenta **características específicas que lle confiren unha identidade propia**. Mentres que a formación docente de carácter xeral atende a aspectos comúns relacionados coa práctica educativa, a organización dos centros, a innovación pedagóxica ou a atención ao alumnado, a formación do profesorado de Formación Profesional e de Ensinanzas de Réxime Especial debe dar resposta, ademais, a **necesidades directamente vinculadas á evolución dos sectores produtivos, ás transformacións tecnolóxicas, ás competencias profesionais que demanda o mercado laboral, formación en idiomas, música, danza, artes e deseño, etc.** Esta singularidade converte a capacitación do profesorado destas ensinanzas nun ámbito especializado que require unha planificación diferenciada, flexible e permanentemente conectada coa realidade económica e empresarial. O profesorado non só debe dominar as metodoloxías didácticas e os procesos de ensino-aprendizaxe propios da función docente, senón que tamén debe manter actualizados os **coñecementos técnicos, científicos e profesionais ou ámbitos asociados ás familias profesionais nas que desenvolve a súa actividade**.

Cómpre destacar tamén a importancia dos **proxectos de formación en centros** como instrumento para a mellora colectiva das competencias profesionais docentes. Esta modalidade formativa favorece a identificación de necesidades compartidas, promove o traballo colaborativo e facilita a transferencia dos coñecementos adquiridos á práctica educativa. A formación vinculada a proxectos concretos permite ademais obter resultados **directamente aplicables á aula, aos talleres e aos espazos de aprendizaxe dos centros educativos**.

Por outro lado, as **estadías formativas** teñen como principal finalidade facilitar ao profesorado unha experiencia directa nos contornos profesionais relacionados coa súa especialidade docente. A través desta **inmersión temporal nas empresas**, os participantes poden coñecer os procesos produtivos actuais, as tecnoloxías empregadas, as novas metodoloxías de traballo, os perfís profesionais emerxentes e as necesidades reais do mercado laboral.

A formación do profesorado debe ter en conta tamén dimensións relacionadas coa **equidade, a inclusión e a igualdade de oportunidades**. A atención á diversidade do alumnado, a eliminación de barreiras de aprendizaxe, a promoción da igualdade de xénero e o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas constitúen retos prioritarios para o sistema educativo actual. Neste sentido, a capacitación do profesorado nestes ámbitos resulta esencial para **garantir unha Formación Profesional inclusiva e accesible para todas as persoas**.

O plan estrutúranse arredor de **seis grandes liñas de traballo** que responden aos obxectivos definidos pola Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030, polo Plan de Orientación Profesional Integral FPGal360 e polo Plan Innova FP Galicia 2026-2030.

Estas liñas configuran un **modelo de formación integral** que combina internacionalización, innovación, especialización tecnolóxica, actualización normativa, orientación profesional e desenvolvemento de competencias avanzadas.

O **Centro Galego da Innovación da Formación Profesional, Centro Eduardo Barreiros**, constitúe un espazo de referencia para o impulso da investigación e a innovación aplicada, a formación de alta especialización, a internacionalización e o emprendemento industrial no sistema galego de Formación Profesional.



06

BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- » Bibliografía e referencias internacionais
- » Currículo, avaliación e instrucións anuais
- » Organización de centro: ROC e normativa complementaria
- » Permisos, horarios e atención á diversidade
- » Protocolos
- » Webgrafía

BIBLIOGRAFÍA

Recomendación do Consello, de 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente (Texto pertinente a efectos do EEE.). (2018). Diario Oficial, C 189, 1-13. CELEX: [https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/?uri=CELEX:32018H0604\(01\)](https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/?uri=CELEX:32018H0604(01))

OECD. (2018) The future of education and skills: Education 2030. Paris. <https://www.oecd.org/en/about/projects/future-of-education-and-skills-2030.html#publications>

OECD. (2019), TALIS 2018 Results (Volume I): Teachers and School Leaders as Lifelong Learners, TALIS, OECD Publishing, Paris. <https://doi.org/10.1787/1d0bc92a-en>

OECD. (2020), TALIS 2018 Results (Volume II): Teachers and School Leaders as Valued Professionals, TALIS, OECD Publishing, Paris. <https://doi.org/10.1787/19cf08df-en>

NORMATIVA XERAL DE REFERENCIA

- » [Lei Orgánica 2/2006](#), de 3 de maio, de Educación
- » [Decreto 138/2024](#), do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- » [Lei 2/2015 do 29 de abril](#), do emprego público de Galicia
- » [Orde do 14 de maio de 2013](#) pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.
- » [Orde do 1 de xuño de 2023](#) pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

CURRÍCULO, AVALIACIÓN E INSTRUCCIÓN ANUAIS

INFANTIL E PRIMARIA

- » [Decreto 150/2022](#), do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
.....
- » [Orde do 30 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
.....
- » [Decreto 155/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
.....
- » [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
.....

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- » [Decreto 156/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
.....
- » [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
.....
- » [Orde do 22 de xuño de 2023](#) pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanza profesional de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
.....

BACHARELATO

- » [Decreto 157/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
.....
- » [Decreto 118/2023](#), do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
.....

- » [Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- » [Orde do 22 de xuño de 2023](#) pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
- » [Orde do 13 de febreiro de 2023](#) pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.
- » [Orde do 9 de agosto de 2023](#) pola que se amplía a relación de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.
- » [Resolución do 11 de xuño de 2026](#), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2026/27.

FORMACIÓN PROFESIONAL

- » [Decreto 20/2026](#), do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- » [Orde do 12 de xullo de 2011](#) pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- » [Orde do 13 de xullo de 2015](#) pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- » [Orde do 5 de novembro de 2010](#) pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.
- » [Orde do 15 de xuño de 2016](#) pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

- » [Resolución do 3 de xullo de 2026](#), da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2026/27.

- » [Currículos e perfís profesionais dos ciclos formativos](#)

RÉXIME ESPECIAL

[Normativa das ensinanzas de música](#)

[Normativa de idiomas](#)

[Artes plásticas e deseño](#)

[Conservación e restauración](#)

[Arte dramática](#)

[Danza](#)

EDUCACIÓN PERSOAS ADULTAS

- » [Orde do 2 de outubro de 2024](#) pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » [Orde do 26 de abril de 2007](#) pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- » [Resolución do 3 de xuño de 2026](#), da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2026/27.

ORGANIZACIÓN DE CENTRO: REGULAMENTO ORGÁNICO DE CENTROS E NORMATIVA COMPLEMENTARIA

INFANTIL E PRIMARIA

- » [Decreto 374/1996](#), do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- » [Orde do 22 de xullo de 1997](#) pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

SECUNDARIA

- » [Decreto 324/1996](#), do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- » [Orde do 1 de agosto de 1997](#) pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

- » [Decreto 7/1999](#), do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- » [Orde do 3 de outubro de 2000](#) pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

FORMACIÓN PROFESIONAL

- » [Decreto 77/2011](#), do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- » [Orde do 29 de xullo de 2011](#) pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

EDUCACIÓN PERSOAS ADULTAS

- » [Decreto 88/1999](#), do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.
.....
- » [Orde do 8 de maio de 2002](#) pola que se regula a autorización de ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros de educación e promoción de adultos (EPA) e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
.....
- » [Orde do 20 de xullo de 2009](#) pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia.
.....
- » [Orde do 11 de xuño de 2010](#) pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
.....
- » [Orde do 28 de xuño de 2010](#) pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
.....

PERMISOS, LICENZAS E VACACIÓNS

- » [Orde do 29 de xaneiro de 2016](#) pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
.....
- » [Orde do 24 de febreiro de 2016](#) pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
.....

HORARIOS

- » [Orde de 23 de xuño de 2011](#) pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
.....
- » [Orde do 4 de xuño de 2012](#) pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
.....
- » [Resolución do 10 de xaneiro de 2024](#), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
.....
- » [Resolución do 16 de xuño de 2026](#), conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a xornada semanal do persoal docente no curso académico 2026/27.
.....

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- » [Decreto 229/2011](#), do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
.....
- » [Orde do 8 de setembro de 2021](#) pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
.....

PROTOCOLOS

ESTRATEGIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR EDUCONVIVES 2025

- » [Plan Integral contra o acoso e ciberacoso escolar](#)
- » [Procedemento corrector de condutas](#)
- » Protocolo de Urgencias Sanitarias
- » Protocolo de Atención educativa domiciliaria
- » Orientacións sobre Plan de Convivencia
- » Protocolo de identidade de xénero
- » Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil
- » I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020
- » Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo
- » Protocolo de Protección de datos
- » Estrategia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose
- » Cuestionario de convivencia 2015
- » Enquisa de diagnose da convivencia 2021
- » Enquisa de diagnose da convivencia 2023
- » Enquisa de diagnose da convivencia 2025
- » Identidade dixital

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ORIENTACIÓN

- » [Guía para o desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional](#)
- » [Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe](#)
- » [Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais](#)
- » [Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva](#)
- » [Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual](#)
- » [Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo \(TEA\)](#)
- » [Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario](#)
- » [Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temprá](#)
- » [Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia](#)

WEBGRAFÍA

Portal educativo

edu.xunta.gal/portal

CADP

edu.xunta.gal/cadp

CXT

edu.xunta.gal/cxt

Datos persoais

edu.xunta.gal/datospersoais

Educidade

edu.xunta.gal/educidade

Fprofe

edu.xunta.gal/fprofe

PLATEGA

platega.edu.xunta.gal

PROENS

edu.xunta.gal/proens

Programas educativos

edu.xunta.gal/programaseducativos

Bibliotecas escolares

edu.xunta.gal/biblioteca/blog

Programas de bibliotecas

edu.xunta.gal/programasbibliotecas

Competencia dixital docente

edu.xunta.gal/portal/competenciadixital

